

 Concello de Laxe	DOCUMENTACIÓN EXPRESA	DE-INF-03
HISTORIA MEDIOAMBIENTAL DA PRAIA DE LAXE Fecha: 15/11/2019.	EDICIÓN 01	Página 1 de 5

HISTORIA MEDIOAMBIENTAL DA PRAIA DE LAXE.



INTRODUCCIÓN:

A evolución ambiental da praia de Laxe vai paralela á evolución urbana da vila de Laxe e tamén do seu porto.

No pasado a praia gozaba dun gran valor ambiental como o resto da Costa da Morte, un lugar salvaxe, indómito e natural. Para que nos fagamos unha idea, a praia parecíase moito á actual praia de Traba, pois tiña un bonito sistema dunar con vexetación autóctona galega e unha lagoa costeira. Así mesmo a Praia de Laxe a diferenza da de Traba contaba con dunas eólicas de similares características ás do Monte Branco en Ponteceso e tamén ás que hai na enseada de Trece - Camariñas.

A construción do porto na actual localización nos anos 40 e 50 do século pasado, a construción do dique nos anos 80, a construción do paseo marítimo e a praza dos Voluntarios e a evolución urbana da Vila de Laxe foron modelando e transformando o primitivo conxunto natural nunha praia completamente urbanizada que posúe todos os servizos recomendados para o baño.

O SEU PASADO EXPLENDOR AMBIENTAL:

A praia de Laxe gozaba hai máis dun século de moitas das características que teñen praias apartadas e salvaxes da costa atlántica galega como Traba ou Corrubedo.

A praia de Laxe conserva aínda hoxe unha lagoa costeira pero de menor extensión que a de hai un século. Esta lagoa comunícase a través dunha canle (Río dos Cabalos) co mar e a praia. Parte daquela lagoa primixenia quedou reducida á extensión de auga actual que aínda hoxe podemos contemplar na zona do Cabo da Area, pois diferentes recheos a teñen ido minguando pouco a pouco.





Concello de Laxe

Nesta lagoa hai uns anos podíase divisar moi frecuentemente garzas, así como moitos outros tipos de aves como o corvo mariño, diferentes tipos de parrulos, londras...etc. Na actualidade a presenza deste tipo de animais nesta é máis raro e inusual e máis difícil de detectar.

A praia de Laxe contaba ademais cun bonito sistema dunar, no que destacaba principalmente a existencia de dunas eólicas. Unha duna eólica é calquera outeiro ou acumulación de area debida á acción do vento. As dunas poden ser activas, ou vivas, cando por non existir vexetación están a cambiar constantemente de lugar baixo a acción das correntes eólicas (Caso do Parque Natural de Corrubedo). Dise que son



inactivas ou fixas cando a cobertura vexetal impide o desprazamento destas (probablemente o caso de Laxe e doutras praias próximas).

Tal e como se pode observar en diferentes fotos do Arquivo Fotográfico Vidal, estas dunas eólicas remontábanse aba arriba do Monte Cornaceiras ata case a Ermida de Santa Rosa, ou a actual rúa Villa Amparo. Nas fotos pódese observar que o referido monte se parecía moito ao actual Monte Branco de Ponteceso

Así mesmo a praia tiña unha vexetación e unha fauna máis rica que a actual. Mofo, caramiñas, xuncos, delfíns, e unha gran variedade de pesca e marisqueo facía da praia un lugar único, rico e que servía de sustento para os habitantes de Laxe. Na praia de Laxe practicouse a arte do boliche co que se extraía grandes cantidades de peixe da mesma praia ou era tamén moi frecuente o marisqueo da navalla nas súas areas. A práctica da pesca está xa reducida á pesca deportiva en diferentes épocas do ano, pero a cantidade de capturas é actualmente máis escasa que no pasado.

O INICIO DO CAMBIO:

Ata os anos 40 a Praia de Laxe mantivo este esplendor natural sen verse alterado por ningunha actuación. Nos anos 40 comezaron os traballos de construción do porto de Laxe á altura da Igrexa parroquial. Tamén se construíu a estrada dende onde finalizaba (á altura do Bar Mirador) ata o Peirao vello que se finalizou durante esta década. Máis tarde nos anos 50 este peirao vello se ampliou para construír o que se coñece popularmente como peirao novo ata o lugar no que está actualmente a gasoleira portuaria.





Concello de Laxe

DOCUMENTACIÓN EXPRESA

DE-INF-03

HISTORIA MEDIOAMBIENTAL DA PRAIA DE LAXE
Fecha: 15/11/2019.

EDICIÓN 01

Página 3 de 5

Antes de iniciarse os traballos correspondentes, o ilustre xeólogo Isidro Parga Pondal queixouse pola situación do porto no actual lugar, recomendando a súa construción máis cara fóra para evitar o impacto nas correntes e na praia. A súa petición foi desatendida obviamente.

Así pois, a prolongación da estrada, e a construción do porto durante estas décadas xa empezou a provocar cambios na configuración da praia. Pero a construción do dique comercial nos anos 80, a construción do paseo marítimo e a praza dos Voluntarios e a evolución urbana da vila de Laxe provocarán un maior impacto sobre as correntes e a formación e a acumulación das dunas cambiando para sempre a fisionomía da praia.

O resultado final é unha praia totalmente humanizada e urbanizada, completamente envorcada na prestación do servizo ao bañista. A perda de esplendor natural durante estes anos foi compensada polo grao de servizos que se presta aos bañistas nesta, o que a fai merecedora de dispoñer de dous distintivos de calidade como son a Bandeira Azul e a Q de Calidade Turística.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS NA PRAIA DE LAXE:

Hai décadas, na mesma praia se practicaba diferentes artes de pesca, como o boliche do que se extraía grandes cantidades de peixe. O marisqueo da navalla era tamén moi frecuente na praia. Así mesmo nesta descargábase pescado para as fábricas de salgadura que había na vila, algunhas delas sobre a mesma praia, ou nos seus arredores situábase a fábrica de Caolín ou o serradoiro que houbo no pobo. O pobo de Laxe vivía en, por e para a praia de Laxe, que era un dos grandes motores económicos da Vila.



Tamén había competicións náuticas, ou tomábase o sol e bañábase a alta sociedade da época no que a principios do século XX se denominaba os baños de onda.



Actualmente a Praia de Laxe é o motor turístico de Laxe, que fai posible que a nosa vila se converta nun dos referente turístico de Galicia. Son moitos os visitantes que temos por aquí grazas á praia e os servizos que se presta. Tamén é frecuente a práctica da pesca deportiva/recreativa ou de diferentes competicións náuticas fóra da tempada de baño e da zona delimitada para o baño.



Concello de Laxe

DESCRICIÓN MEDIOAMBIENTAL ACTUAL:



Só a parte da praia comprendida entre o Río dos Cabalos e os Peñascales está protexida pola Rede Natura 2000 e polo tanto incluída no LIC Costa da Morte [Lugar de Interese Comunitario] e ZEPA Costa da Morte [Zona Especial de protección de Aves]. A Lagoa do Cabo da Area [Brañas Mouras] tamén está incluída na Rede Natura 2000 xunto co Río dos Cabalos ou da mina. O resto da praia goza de protección ambiental a través do PXOM de Laxe ao considerala chan rústico de especial protección [Protección de espazos naturais].

A rede Natura 2000 é unha rede de espazos naturais de alto valor ecolóxico a nivel europeo. Esta rede ten por finalidade garantir a supervivencia a longo prazo das especies e habitats europeos máis valiosos e ameazados. A Rede Natura 2000 esta formada en Galicia por 59 LICs e 14 ZEPAs. Por desgracia a praia de Laxe só pertence á Rede Natura 2000 nun pequeno tramo desta.


As areas da praia son finas e brancas, predominando o cuarzo e os restos calcáreos bióticos. Na zona do Cabo da Area esténdese unha chaira limosa na que se empantana a auga,



 Concello de Laxe	DOCUMENTACIÓN EXPRESA	DE-INF-03
HISTORIA MEDIOAMBIENTAL DA PRAIA DE LAXE Fecha: 15/11/2019.	EDICIÓN 01	Página 5 de 5

dando orixe á denominada Lagoa do Cabo da Area ou Brañas Mouras.

A vexetación dunar está claramente empobrecida. As comunidades de ribazo quedan representadas por pés ocasionais de salgadeira pinchosa e eiruga de mar. A presenza de grama mariña na forma ideal dun céspede continuo é puntual. Nas dunas non é rara a presenza das lechetreznas, os cardos de ribeira e as louras de mar. Por desgracia na praia de Laxe podemos observar a preocupante invasión de plantas non autóctonas desta rexión como a carpobrotus edulis (uña de gato). Así mesmo tamén é posible detectar manchas da asociación vexetal de plantas anuais caracterizada polas violetas e os silenes de litoral. Na zona do Río dos Cabalos podemos detectar unha vexetación higrófila con diversos tipos de xuncos.



A dunas da praia de Laxe presentan un estado de conservación precario, aínda que se aprecian resto de habitas considerados de interese pola Unión Europea.

A pesar do estado actual, o feito de que a Praia de Laxe presente un cordón dunar activo nunha área periurbana, coas dunas inmediatas a un centro de ensino, converte a este sistema nun magnífico laboratorio de educación ambiental, sempre que se aplique unha recuperación con técnicas non agresivas que potencien os remanentes de habitas dunares aínda existentes.

Laxe, 15 de novembro de 2019.
O Técnico Municipal
Joaquín Vidal Martínez.-